



NOTA DE PRENSA DO 19.06.08: O COLECTIVO DE AFECTADOS POLA ANTENA DE TELEFONÍA MÓBIL DA RÚA JOSÉ CASAL Nº 10 (EDIFICIO DE TELEFÓNICA) NA CIDADE DE PONTEVEDRA SOLICITA AO CONCELLO INFORMACIÓN, O SEU CESE CAUTELAR, E UNHA REUNIÓN COS CONCELLEIROS RESPONSÁBEIS.

Hoxe, 19 de maio de 2008, Isolina Penas Blanco, en representación de 48 veciñas e veciños residentes en Pontevedra, presentará no rexistro xeral do Concello de Pontevedra, como colectivo de afectados pola antena base de telefonía móbil da rúa José Casal nº 10 (edificio de Telefónica), a seguinte solicitude:

- **Información detallada sobre a petición e/ou tramitación das Licenzas Municipais preceptivas** (incluída a Licenza de Actividade Clasificada, da cal carece segundo a información obtida verbalmente do servizo municipal de Urbanismo).
- **Cese cautelar da emisión desta antena base de telefonía ilegal instalada nunha zona escolar (colexio de Álvarez Limeses), sanitaria (Hospital Provincial), e residencial así como un regulamento municipal específico** que, dende **o principio de precaución**, compatibilice as novas tecnoloxías coa saúde. A Axencia Europea de medio Ambiente, xunto co grupo de investigadores Bioinitiative, aconsella disuadir ou prohibir “**a instalacións de antenas base de telefonía móbil sobre os centros de ensino ou nas súas proximidades (nun radio de 300 metros)...**” (The BioInitiative Report, 2007).
- **Entrevista** coas Concelleiras e Concelleiros implicados, para expoñerlle a nosa preocupación sobre este tema e levar seguimento das medidas a tomar por ambas partes.

O colectivo de persoas afectadas por esta electrocontaminación, se constituíu o 21 de maio deste ano nun acto informativo na que un membro da APDR informou sobre a certeza científica de non poder demostrar a inocuidade destas tecnoloxías nos límites marcados pola normativa estatal, considerada desfasada por non ter en conta o Principio de Precaución ante os efectos biolóxicos potenciais como se reclama dende a propia Axencia Europea de Medio Ambiente, o Valedor do Pobo e dende distintos ámbitos da comunidade científica, xudicatura, movemento veciñal e ecoloxista, e asociacións de nais e pais.

Á espera de contestación municipal, **este colectivo se sumará o vindeiro 24 de xuño (día internacional contra a contaminación electromagnética) ao manifesto que presentarán publicamente en Pontevedra distintos colectivos de afectados de toda a provincia;** para reaccionar ante a indefensión que existe na cidadanía ante a proliferación caótica de antenas de telefonía móbil sen aterse á legalidade nin ao Principio de Precaución que requiriría a retirada das mesmas das zonas residenciais e sensíbeis (escolares, sanitarias, de centros de maiores) e a recolocación regulada das mesmas, como xa se están expondo noutras localidades, compatibilizando a cobertura (e os intereses económicos) da telefonía móbil coa saúde da poboación.

Pontevedra 19 de xuño de 2008